



**Imaxinar
para transformar
Manual para o traballo
en colectivo**



Imaxinar para transformar
Manual para o traballo en colectivo

Edita: Gabinete de Imaxinación Política

Xaneiro, 2018

Este Manual editase baixo
as licenzas Atribución-Compartir
igual 3.0 Sen adaptar (CC BY-SA 3.0)




Gabinete de Imaxinación Política

O Gabinete é un espazo híbrido que procura afondar na capacidade de imaxinar como forma de concibir novas posibilidades nas que, a través da combinación das artes e das tecnoloxías sociais, colectivos, entidades, cooperativas e grupos informais poidan dotarse de recursos para acadaren maiores cotas de autonomía, capacidade creativa e resiliencia.

O Gabinete está composto por Fran Quiroga, Andrea R. Adegas (Rexenerando Coop.), Antía P. Caramés e Belén Fernández (Grupo de Investigación ESOMI da UDC), as imaxinadoras Lúa Bretón, Daniel Palleiro e Cristina Sesto e contou coa mediación de Natalia Veiga e Vicente Conde.

No 2017 obtivo o apoio para a realización de proxectos de innovación social dentro do programa Laboratorio de Innovación Cidadá 2017 (COLAB) da Concellaría de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña.

gabinetedeimaxinacion.tumblr.com




Índice

1. De que vai isto? / 5




2. Cuestionario de autoavaliación
para grupos / 11



3. Procesos grupais. Reflexións
e ferramentas para coidar o grupo / 14




4. Algunhas pímulas vitamínicas
para fortalecer o grupo / 21



5. Arte e activismo. Prácticas
artísticas ao servizo do colectivo / 37



6. Prácticas desde o sur. Aprendendo
doutros experiencias / 45




7. A modo de peche ou conclusións / 53



De que vai isto?


No Gabinete de Imaxinación Política preguntámonos como a imaxinación pode axudarnos a soñar outros micro mundos onde revertir as desigualdades contemporáneas e como, a través da ensoñación, os colectivos ou grupos informais poden gañar autonomía. Nun momento no que, cada vez máis, os lazos sociais están rotos ou mercantilizados, cómpre tecer e reforzar procesos de cooperación social. Estamos convencidas de que para isto podemos atopar grandes oportunidades a través do uso de ferramentas que posibilitan combinar prácticas sociais e artísticas.



...o propio feito de parármonos a soñar supón xa en si mesmo unha forma de resistencia.

Dicía Walter Benjamin que a ensoñación permítelle á humanidade anticiparse ao futuro. Para facela posible, precisamos superar o pragmatismo e a racionalidade que coartan a nosa capacidade de soñar. Fronte a esa aparente impotencia de xerar un cambio, o propio feito de parármonos a soñar supón xa en si mesmo unha forma de resistencia. Desde o Gabinete pensamos que a chave está en como materializarmos esa imaxinación. Non existen receitas, non temos respostas concretas pois depende de cada caso mais a cuestión é: por que non nos damos un tempo para imaxinar-pensar como abrir outros camiños, como intervir doutro xeito no político?

Durante os últimos meses do 2017, un grupo de persoas con inquietanzas sociais xuntámonos convocadas polo Gabinete e atraídas polas posibilidades do imaxinar. Nese tempo pasaron moitas cousas:



A comunidade de aprendizaxe que conformamos mantivo varios encontros de traballo e intercambio nos que ir tecendo que era iso da Imaxinación política nas nosas vidas, colectivos e tamén na nosa cidade, A Coruña.

Organizamos as «Conversas para imaxinar» nas que Jaron Rowan, coas súas *Investigacións bastardas*, e Mafe Moscoso, *Decolonizar a memoria: cos paxaros ou co recordo dos seus paxaros, todos migran*, nos axudaron a profundizar na conceptualización do universo da imaxinación.


Puxemos os recursos do grupo para explorar desexos e necesidades de organización e coidados en colectivos vulnerabilizados como as mulleres traballadoras do ámbito doméstico. Contamos para iso con aliadas que fomos atopando no camiño, como a entidade local Ecos do Sur e a súa rede e traballo con persoas migrantes, e, especialmente, cos saberes e as prácticas das compañeiras e mestras do colectivo madrileño Territorio Doméstico que partillaron connosco, con toda a xenerosidade e compromiso, prácticas desde o activismo e os coidados.

Por último, a propia edición deste manual no que nos atrevemos a recoller parte desas reflexións e das ferramentas que fomos incorporando na mochila a través das nosas propias experiencias ao participar de espazos e colectivos diversos. Fixémolo cos recursos que tiñamos nese momento e sabendo que non é, nin pretende ser, un documento completo ou acabado. Trátase máis ben dun convite á reflexión e para seguir a crear e difundir unha outra cultura de estar e de facer, desde a xustiza e o bo trato e apoiada na capacidade de soñar.

Acreditamos na potencia de recuperar e afondar nas posibilidades da imaxinación e sermos quen de vindicar a súa forza como ferramenta fundamental das praxes de autonomía cidadá. A imaxinación pode axudar a xerar pensamento crítico, a ir alén do establecido.

Precisamos neste camiño de procesos e estruturas liberadoras que posibiliten e faciliten a súa expresión e tamén a súa expansión. Para iso, desde o Gabinete entendemos, como colocamos ao principio, que prácticas artísticas e tecnoloxías sociais son dous robustos alicerces sobre os que construír novas posibilidades. Arte, como conxunto de linguaxes e praxes que posibilitan a experimentación e creación de novos significados e imaxinarios. Tecnoloxías sociais aplicadas á facilitación dos procesos grupais, e coas que nos dotar de recursos para unha xestión das dinámicas grupais máis efectiva e democrática co obxectivo último de que a diversidade de voces, enfoques e experiencias que compoñen os grupos teñan cabida ampliado os seus propios marcos e, canda eles, as posibilidades para imaxinar.

**A imaxinación pode axudar
a xerar pensamento crítico,
a ir alén do establecido.**




Que vas atopar neste manual?

A través deste manual *Imaxinar para transformar* recolleemos exemplos de prácticas e ferramentas que poidan servir de inspiración para outros grupos, para outras comunidades de interese e aprendizaxe que constitúen os comúns urbanos emerxentes: desde asociacións veciñais a grupos de consumo, das cooperativas ás redes informais e das plataformas cidadás aos colectivos profesionais.

Estes espazos son estruturas fundamentais nos que procurar unha maior democratización e tamén desde as que dar resposta aos retos que como sociedade se nos presentan. Mais hai que ter en conta que, inseridos como están en sistemas de opresión, os grupos tamén se enfrontan a dificultades como a precariedade de tempos e recursos, a tensións e dinámicas de desigualdade, etc. Por iso, faise preciso pór o foco en elementos que os apoiem para posibilitar que sexan espazos de coidado, máis democráticos, resilientes e capaces de daren resposta ás inxerencias que os promoven.

O texto que estás a ler nace do intercambio e do cruce de saberes da comunidade de aprendizaxe na que se constituíu o Gabinete de Imaxinación Política. A nosa vontade é contribuír a estender a cultura da participación e dos coidados dentro dos colectivos, compartir recursos e metodoloxías para poder, como grupos humanos, imaxinar outros mundos posibles, necesarios, máis xustos e acolledores.



1. O primeiro que che propoñemos é facer unha pequena autoavaliación dos elementos e prácticas que se dan no teu grupo co *Cuestionario de Autoavaliación para Grupos* e que pode ser unha reflexión que che sirva como de punto de partida.

2. A continuación, baixo o epígrafe *Procesos Grupais. Ideas e Ferramentas para Coidar o Grupo*, colocamos algunhas cuestións, extraídas de teorías diversas en torno ao estudo dos grupos humanos, que nos parece importante ter en conta para entender a súa complexidade e poder acompañalos e reforzalos.

3. No punto *Arte e Activismo. Prácticas Artísticas ao Servizo do Colectivo* recollemos algúns exemplos de experiencias e colectivos que incorporan a dimensión artística como parte das dinámicas grupais e comunitarias.

4. Por último, no capítulo *Prácticas desde o Sur. Aprendendo doutras Experiencias*, achegámonos a outras realidades, neste caso á da comunidade zapatista, como convite e recoñecemento da importancia de ampliar o noso foco, de ollar cara outras maneiras de facer, inspirándonos e aprendendo das praxes doutros contextos xeográficos, culturais e/ou socio-políticos.

Neste apartado ...

Presentamos o Gabinete de Imaxinación Política que bota a andar a finais do 2017, impulsado polo Co-Lab da Coruña e formado por persoas e entidades diversas. O obxectivo, aproximarnos á idea e á práctica da aprendizaxe colectiva e a imaxinación como potentes recursos cos que avanzar cara a outros mundos posibles.

Falamos das accións desenvoltas: a constitución dunha comunidade de aprendizaxe, a organización de seminarios, o desenvolvemento de obradoiros e accións de rúa e as sinerxías establecidas con outros colectivos locais e estatais.

Imaxinar para Transformar é o título da publicación na que recollemos parte desa experiencia e na que quixemos pór o foco na potencia da hibridación entre a dimensión artística e os coitados grupais.

2. Cuestionario de Autoavaliación para Grupos

Antes de continuares a ler, propoñémosche unha pequena autoavaliación sobre prácticas grupais das que participas. Pensa nun grupo ou colectivo do que fagas parte e reflexiona sobre as seguintes cuestións.

Rodea nunha escala do 1 ao 5 segundo o grao de recoñecemento que atopas nestas afirmacións en función de se non representa en absoluto a vosa realidade (1) ou se pola contra sentes que a reflicte (5).

1. Como grupo, temos unha visión clara e compartida	1 2 3 4 5
2. Preocupámonos por garantir espazos de encontro	1 2 3 4 5
3. Cando nos reunimos, sabemos con antelación os obxectivos e contidos a tratar	1 2 3 4 5
4. Polo xeral, as reunións acaban en tempo e coa satisfacción dos obxectivos cumpridos	1 2 3 4 5
5. Hai persoas encargadas de velar por que se cumpran os tempos e os obxectivos da reunión	1 2 3 4 5

6. Tomamos acta e facemos seguimento dos acordos adoptados	1 2 3 4 5
7. Síntome cómoda/o coa maneira na que nos organizamos como grupo, colectivo ou entidade	1 2 3 4 5
8. O sistema de toma de decisións é claro e común	1 2 3 4 5
9. O nivel de participación é satisfactorio	1 2 3 4 5
10. Non hai persoas que monopolicen sistematicamente a palabra	1 2 3 4 5
11. Todo o mundo ten espazo para se expresar e todas as achegas son escoitadas por igual	1 2 3 4 5
12. Temos espazos ou mecanismos establecidos para xestionar conflitos	1 2 3 4 5
13. Estou satisfeita/o coa maneira na que xestionamos as diferenzas e os posibles conflitos	1 2 3 4 5
14. Hai conflitos latentes que precisan ser tratados e non se tratan	1 2 3 4 5
15. Empregamos recursos artísticos para traballar as nosas dinámicas internas	1 2 3 4 5
16. Empregamos recursos artísticos para traballar polos nosos obxectivos	1 2 3 4 5

Este cuestionario é un primeiro paso para reflexionar sobre as prácticas e dinámicas internas como grupo e identificar aqueles aspectos nos que precisamos pór maior atención. Convidámosvos a revisar especialmente aqueles nos que a puntuación sexa menor ou igual a 3.

Sería interesante que diferentes membros do grupo fixéseades a autoavaliación e despois poñades en común os resultados. Se hai moita diferenza nas valoracións que facedes sobre algún dos puntos, pode ser interesante prestarlle atención e analizar os motivos.

A partir de aí poderíase decidir se hai algún destes ámbitos que precisades traballar para mellorar as dinámicas do voso grupo.


No apartado que segue, recollemos algunhas ideas que nos parecen básicas para termos un mapa da realidade complexa que son os grupos, repletos de múltiples e diversos elementos que actúan de xeito simultáneo, tamén algunhas ferramentas que poden ser útiles para coidar e activar as súas potencialidades e as persoas que os sosteñen.

Neste apartado ...

Achegamos un cuestionario co que avaliar algúns aspectos importantes para dos grupos e que poden servir como indicadores de elementos que se cadra, ese grupo concreto, debería ben reforzar, ben prestar maior atención.

3. Procesos Grupais

Reflexións e ferramentas para coidar o grupo



Partimos da idea de que os grupos¹ son sistemas complexos, organismos sociais onde existen multitude de factores e nos que se dan interaccións simultáneas que permiten que o sistema estea vivo.

Hai infinidade de teorías e literatura sobre modelos de xestión grupal, todo un mundo no que se mergullar e explorar, tan diverso e cheo de matices como os propios grupos humanos que estudan. Neste manual decidimos tomar como base a imaxinación, como elemento ao servizo dos grupos humanos, tanto para innovar nos coidados dos procesos internos como para crear posibilidades de actuación de cara a atinxir os seus obxectivos e resolver as súas necesidades. Mais, somos consciente de que para que a potencia da imaxinación se poida despregar, é preciso contar cunhas condicións mínimas, un clima grupal onde poida agromar. Para iso, pensamos importante situar algúns presupostos básicos sobre os que vos propoñemos reflexionar, así mesmo, achegamos algunhas ferramentas que nos poden axudar a traballalos.

Para falar destas cuestións chave á hora de facilitar as dinámicas

1. Seguindo a definición clásica de grupo, este enténdese como un conxunto de dúas ou máis persoas que comparten unha serie de obxectivos, unhas normas ou acordos (explícitas ou implícitas) e unha cultura común, están polo tanto conectadas dalgún xeito.

e procesos grupais, ímonos apoiar en tres figuras xeométricas (o triángulo, o cadrado e o círculo), que nos serven tanto para conceptualizalas como para visualizalas de maneira gráfica, o que axudará a integralas e telas sempre presentes. O triángulo, o cadrado e o círculo forman parte dun todo, dun mesmo sistema grupal. Cada unha destas pezas fala e achega aspectos importantes para o entender.



Persoas
Obxectivos
Procesos


Poderíamos falar destes tres elementos como os tres vértices do triángulo e que representan a base dun grupo. Todos están presentes e son necesarios para que exista e a todos cómpre atender se queremos que se poida desenvolver de maneira satisfactoria. Desde este punto de vista poderíamos afirmar que unha razón de ser fundamental dos grupos é a existencia dun propósito común, duns obxectivos que acadar. Mais, o certo é que son ademais lugares onde as persoas atopamos satisfacción a algunhas das nosas necesidades básicas, como o sentimento de pertenza, os afectos ou a autorrealización.


Participamos deles xa que logo, buscando tamén satisfacer estas necesidades propias. Como resultado destas dúas funcións fundamentais, emerxe o terceiro vértice: a necesidade de se dotar de procesos, de maneiras de facer que permitan, a través do seu bo funcionamento, a pervivencia do grupo.

Mediante este símil co triángulo quixemos evidenciar que o bo funcionamento do grupo ten moita relación coa atención que lle preste aos seus obxectivos, coa satisfacción das necesidades dos seus membros e co traballo dos procesos a través dos que garante que sexa posible. Alén da importancia dos tres elementos, é preciso ter presente que as funcións que cumpren están interconectadas de tal xeito que cada unha delas ten impacto nas outras.

Por exemplo: imaxínade que un grupo se centra só nos resultados, descoidando as necesidades dos seus membros e os procesos grupais. Sería probable, nese caso, que isto acabe por crear dificultades e frustracións que, co tempo, repercutirán negativamente tamén nos resultados. Do mesmo xeito, podería ser que un grupo se centrara só nas necesidades dos seus membros, descoidando os outros dous elementos, e aumentando con isto as posibilidades de derivar tamén en procesos difíciles de xestionar ou en malestares persoais ante a ausencia de resultados.

Cómpre polo tanto ter os tres elementos sempre presentes, sen esquecer implementar accións para os coidar e satisfacer.





Catro espazos grupais:

Gobernanza

Creatividade

Xestión emocional

Cohesión

Nun grupo compártese información e tómanse decisións, prodúcense respostas ante retos e/ou obxectivos, establécense vínculos entre as persoas e aparecen emocións relacionadas que teñen impacto sobre el. Por iso, é importante outorgarlle peso e relevancia a cada un dos espazos grupais de maneira consciente. Deste xeito poderemos coidalos e abordalos do mellor xeito posible, traballándoos en cada caso do xeito máis acaído. Trátase de espazos ben definidos mais non illados polo que, igual que viamos antes, todos están en relación e aféctanse mutuamente.

Podemos falar de catro espazos fundamentais presentes nos grupos, aínda que non sexa habitual abordalos de maneira consciente e explícita.


Espazo de gobernanza, nos que se comparte a información e se toman as decisións, trátase normalmente de reunións ou asembleas do grupo e son dos que contan con máis presenza e recoñecemento, moitas veces en detrimento dos outros.

Espazo da creatividade, de creación e traballo práctico onde o grupo pensa, imaxina e constrúe, poñendo en funcionamento a intelixencia colectiva para dar resposta aos seus retos e necesidades.

Espazo da xestión emocional, que o grupo se concede a si mesmo para abordar as emocións, estados de ánimo, tensións, etc.,

presentes e que afectan, aínda que moitas veces sexa de xeito inconsciente, sobre o resto de dinámicas grupais.

Espazo da cohesión, onde o grupo celebra os seus logros, afonda no coñecemento e recoñecemento mutuo e nos que se traballa por ter vínculos e relacións sólidas.



Diferentes planos da realidade:

Realidade consensuada

Realidade dos sonhos

Esencia

Segundo a concepción da realidade que achega a Psicología Orientada a Procesos², poderíamos falar de tres niveis presentes simultaneamente no campo grupal, como se de círculos concéntricos se tratase:

Realidade consensuada: unha primeira capa máis externa e visible do grupo sería a realidade consensuada. Este nivel ten que ver con todo aquilo medible, obxectivable, visible etc., e co que o grupo se identifica e transmite cara o exterior. Estarían aquí desde elementos formais como estatutos, regulamentos ou normas das que se dota; as actividades que realiza para acadar os seus obxectivos; os

2. Para máis información sobre o enfoque da Psicología Orientada a Procesos en torno á facilitación dos procesos grupais e os diferentes niveis que propón para explicar a realidade, podedes consultar obras do psicólogo estadounidense Arnold Mindell como Sentados en el fuego. Cómo transformar grandes grupos usando el conflicto y la diversidad (2004) Ed. Icaria.

valores cos que se identifica e que comunica ao mundo e outros xeitos informais que se manifestan na súa actividade cotiá e que se vinculan co que se considera aceptable ou inaceptable segundo a súa cultura grupal. Habitualmente só se lle dá importancia ou só se ten consciencia deste nivel.

Realidade dos soños: nunha segunda capa da realidade, que subxace a esta primeira, atoparíanse elementos menos visibles ou perceptibles mais igualmente presentes no grupo: emocións, medos, prexuízos, expectativas, roles, dinámicas de poder, etc. Son elementos moitas veces reprimidos ou inconscientes mais que teñen un impacto directo nas manifestacións máis palpables do campo grupal.

Esencia: a terceira dimensión é a máis profunda e se cadra tamén a máis difícil de explicar. Ten que ver coa esencia do grupo, coa base común que comparte e que experimentamos cando conectamos co que nos une, cos valores máis fondos que lle dan sentido ao grupo e no que se transcenden as polarizacións propias dos outros dous niveis de realidade.



Neste apartado ...

Empregamos 3 formas xeométricas para simplificar a realidade complexa dos grupos humanos:

O *triángulo* que forman as persoas, os obxectivos e os procesos que integran e definen a existencia dun grupo.




O *cadrado* que recolle catro espazos básicos que se dan dentro deles: a gobernanza, a procura de solucións creativas, a xestión das emocións e a cohesión grupal.

O *círculo* co que se pode expresar a existencia de diferentes niveis de realidade, máis ou menos medibles e/ou conscientes, mais que están presentes e interaccionan de maneira simultánea nos grupos.

4. Algunhas pímulas vitamínicas para fortalecer o grupo

Non tratamos, como dixemos, de prescribir receitas máxicas que solucionen os problemas ou retos do traballo colectivo. Para facer diagnoses dese tipo vale mais tomar o tempo e os recursos precisos e facer dialogar todas as voces do grupo mais, de cando en vez, un suplemento vitamínico pode axudar.

A continuación recollemos algunhas ideas que nos parece positivo ter en conta para entender algúns procesos grupais e tamén pímulas prácticas para traballalos.



1. Desenvolver a visión común do grupo e revísala periodicamente

Acontece a miúdo que, levadas e levados polas ganas de facer, de pasar á acción, como grupos apoiámonos nas partes que nos unen deixando marxinadas as cousas nas que non coincidimos. Cuestións que normalmente son máis difíciles de abordar e que, potencialmente, nos separan. É importante, porén, darlle espazo ás visións individuais e colectivas que existen sobre o futuro que queremos para os proxectos nos que participamos. Segundo isto, fálase a miúdo de tres elementos: a visión, a misión e os valores.


Entendemos aquí a visión como o *Que* e o *Por que?* desde unha perspectiva de futuro ambiciosa, xa que conecta cos soños e co sentido profundo que nos impulsa, co futuro que queremos crear. A misión sería o *Como* facemos iso, ou o que é o mesmo, a través de que xeitos e estratexias. Os valores refírense aos principios fundamentais sobre os que se asenta a práctica do grupo.

Trátase de nos dar espazos para preguntármonos, individual e colectivamente, o sentido profundo do grupo, o que queremos conseguir con el, as estratexias para facelo e os valores nos que nos queremos apoiar para o acadar.

É un traballo que se recomenda facer periodicamente para asegurármonos de que estamos a camiñar na dirección e do xeito que todas e todos compartimos. É especialmente importante recorrer a el en certos momentos chave para os grupos: cando se están a crear, en momentos de crecemento e apertura a novos/as membros/as, etc.

Ademais, é un exercicio que aumenta a cohesión grupal ao permitir compartir e coñecer as visións individuais das persoas. Tamén un recurso para prever conflitos pois, botar luz sobre aspectos de disenso, permítenos abordalos de maneira consciente antes de marxinalos e que se polaricen ata o extremo.

Pensamos que é unha práctica moi útil porque, aínda que non achegue solucións completas ou definitivas -non esquezamos que falamos de procesos non lineais e contextos moi complexos-, o feito de incorporar todas as voces ten efectos positivos e é definitivamente transformador, xa que afonda na democracia interna e contribúe a crear mellores atmosferas grupais.



Unha maneira de traballar sobre a visión común é a través do exercicio que presentamos a continuación. A partir de visións individuais, constrúese unha común que nos ha dar información sobre as coincidencias, que se deberán reforzar e servirán para se apoiar nelas, e os desacordos, que haberá que resolver como se afrontan para chegar a acordos.

En xeral, e especialmente á hora de facer este tipo de exercicios, parécenos importante pór atención ao coidado dos elementos físicos dos espazos de traballo. Nos exercicios que teñen que ver coa creatividade isto faise se cadra máis relevante polo que, no apartado adicado a eles, abordaremos como podemos incidir en crear climas propicios para activala a través de recursos tan simples como a decoración, a luz, o son, etc.

Pílula!

Exercicio de Visión e Misión:

1. En silencio, mesmo cos ollos pechados, cada persoa pensa, sente e imaxina ideas, palabras, feitura, etc., que expresen a visión de futuro que ten para o grupo do que fai parte. O sentido, o «para que». A medida que lle van xurdindo vainas recollendo, escribindo ou debuxando nun papel. Para iso case imprescindible dispor de cores e darlle forma a esa visión. Nun segundo momento, recolleremos tamén e o xeito de as levar a cabo, de desenvovelas e materializalas, o «como» e que neste texto entendemos como misión. 15-20 minutos debería ser tempo abondo, pero pode ser o que o grupo acorde.

2. Cando todas as persoas do grupo recolleron os elementos que expresan a súa visión e misión, reunímonos en grupos de 3 ou 4 persoas para os compartir, vendo e escoitando sen valoracións, simplemente recibindo en silencio as achegas do resto e expresando cando sexa o momento as túas propias. É importante respectar a maneira diversa na que cadaquén concibe o grupo e o tempo para o facer será o mesmo para todo o mundo. A seguir, faremos outra rolda na que comentar, agora si, aquilo que nos gustou dos deseños das demais persoas e algo que aprendésemos a través deles, que nos sorprendera, etc. É fundamental darlle espazo a esta mirada de aprecio polo que as demais persoas e as súas ideas achegan ao colectivo.

3. Nese mesmo grupo reducido, o seguinte paso será desenvolver unha nova visión que englobe as perspectivas e ideas traídas por cada quen. Con elas, crearemos un mural que illustre o esencial desa visión, con todos os elementos comúns ou similares. Noutra folla iremos recollendo as principais discrepancias que vaian xurdindo porque é importante tamén telas en conta aínda que neste momento non deixemos que interfiran no compartido e en seguir avanzando co exercicio. O mesmo para a misión.


4. A continuación, expomos o traballo de cada grupo e damos un tempo para nos facer preguntas ou aclaracións ao respecto. Xa logo, buscamos de novo os elementos que se repiten e tamén aqueles outros que para diferentes persoas cómpre ter en conta á hora de traballar as discrepancias.

5. Para finalizar, creamos entre todas e todos un novo mural que recolla os elementos comúns tanto da visión como da misión e nunha listaxe aparte tamén se tomará nota dos disensos máis relevantes. Ao remate, deixamos un tempo para atopar acordos naquilo que non sendo común, ten moito valor para alguén ou, se non se chega a eles ou non hai tempo, ver a maneira de os abordar no futuro.

2. Coidemos os espazos de reunión e de toma de decisións

É importante valorar os esforzos das persoas para poderen participar dos colectivos, proxectos, etc. Un xeito de o facer é coidar tamén os lugares de reunión, aquelándoos tanto nos momentos previos, como durante e a *posteriori*.

ANTES de nos xuntar temos que nos asegurar de que todo o mundo ten a información necesaria coa suficiente antelación: hora, lugar e contidos da reunión (orde do día). Isto permítenos planificarnos, ter unha idea do que se vai traballar ou mesmo engadir ou negociar a proposta de temas. Ter información clara, completa e con tempo abondo facilita a participación e é polo tanto un elemento democratizador. Neste sentido, tamén o é ter en conta a diversidade das persoas ao valorar que horarios son preferibles, a necesidade de conciliar a vida persoal coa colectiva, cal é o xeito máis doado de achegar temas ás axendas, etc. Son todas esas cuestións case sempre invisibles mais que afectan ás posibilidades de participar polo que cómpre as ter moi en conta.



Igualmente importante é preparar o espazo con antelación, asegurármonos de que dispomos de todo o que precisamos: mobiliario (cadeiras, mesas...) materiais (papeis, taboleiro, bolígrafos...), mesmo bebida e comida, decoración, música, etc., que, sen ser elementos indispensables, axudan a crear un clima acolledor e distendido, que contribúe tamén a facilitar a participación. Na mesma liña está a disposición do mobiliario, o feito de colocar as cadeiras en círculo rachando xerarquías, facilitando que todo o mundo se vexa e que se dea unha comunicación multidireccional, ou o non colocar obstáculos como mesas, diferentes niveis etc., entre as persoas participantes non son indiferentes.

DURANTE o tempo de traballo, algunhas persoas deberán responsabilizarse de que o cronograma se cumpre; de recoller os acordos ou os resultados da reunión (tanto para facilitar a información a persoas que non puideron asistir, como para facer seguimento do acordado); de levar o control do tempo para garantir que se respectan os tempos que lle damos a cada punto ou, no seu caso, revisalos; de estar atentas a se determinados temas crean tensións, etc. Poden ser unha ou varias persoas e, de ser así, canto mellor se eses roles van rotando para implicar e corresponsabilizar a todas.

É importante tamén ter claro o tipo de puntos abordados nas reunións ou encontros de traballo para darlles o tempo que precisan e mesmo combinar uns mais lixeiros, que se poden abordar máis rapidamente ao principio con outros que requiran de mais tempo e mesmo se estendan a outras reunións. Se son puntos meramente informativos non deberían ocupar moito tempo. Se se trata de cuestións que requiren tomar decisións precisaremos definir o xeito na que esta se vai levar a cabo (votación, consenso, debate previo, etc.) e o habitual é que requiran de algo máis de tempo. No caso de ser temas que moven moitas emocións ou que requiren a procura de solucións creativas non só van requirir de mais tempos senón mesmo de espazos e metodoloxías específicas. En calquera

caso, os encontros de traballo non deberían exceder, como norma, as dúas horas, e menos sen descansos polo medio.

DESPOIS: é importante pechar os espazos recapitulando a información para asegurarnos de que se recollen correctamente os principais acordos ou ideais aos que se teña chegado. Tamén que esta información sexa accesible para todas as persoas do grupo, incluídas as que non puidesen estar nel presencialmente.

Pílula!


Escribe nun panel visible os puntos previstos na orde do día, o seu tipo (informativos, de debate, de toma de decisións, etc.) e a súa duración. Ter a información visible e por escrito axuda a asimila-la e a que as persoas participantes accedan mellor a ela, estean máis centradas e compartir así mellor a responsabilidade de que se cumpran os tempos e os obxectivos previstos.

Usar un modelo coma este pode axudar a ordenar e ter presentes todos os temas que se queren abordar, quen os promove (que deberá estar presente ou ter quen colla o seu relevo na reunión) canto se estima que duren e a súa importancia ou urxencia para poder establecer prioridades en caso de que non haxa tempo para todos.

NOME DO PUNTO	TIPO	PERSOA QUE O PROMOVE	TEMPO PREVISTO	IMPORTANCIA DO 1 AO 5	URXENCIA DO 1 AO 5
	informativo debate decisión outros				

Pensa tamén nas necesidades específicas que poida haber para, na medida do posible, facilitar a participación de todo o mundo facendo o espazo accesible para todas as persoas. Equilibrar a participación é algo necesario para a propia democracia interna do grupo e tamén para garantir mellores respostas ante os retos do grupo.

Para coidar dos elementos necesarios nunha reunión está ben que se repartan tarefas, aínda que ás veces poidan coincidir nunha mesma persoa: alguén que se encargue da convocatoria; alguén que se encargue de levar os puntos da reunión, de asegurarse de que se tratan ou do que pase con eles e de moderar as intervencións; alguén que preste atención a se se respectan os tempos; alguén que se ocupe de coidar o espazo e tamén ás persoas, etc.



É importante, como sinalamos, o rol da persoa que toma acta para pór a disposición do grupo, de xeito público e de fácil acceso, os contidos da reunión: de que se falou, cales foron os debates, a que acordos se chegou, etc.

3. Reservemos espazos específicos para a creatividade

Con este pequeno manual queremos pór de relevancia que a creatividade e a imaxinación son un elemento fundamental para o desenvolvemento humano e, polo tanto, tamén dos grupos nos que nos artellamos.

No seguinte apartado veremos exemplos de como algúns colectivos integran a dimensión artística para produciren resultados e conseguir os seus obxectivos como grupo de cara a fóra. Mais tamén é preciso dármonos espazos dentro do propio grupo para innovar, activar a intelixencia e a creatividade colectiva na busca da mellora dos propios procesos.

Tendo en conta algúns aspectos e aplicando metodoloxías axeitadas, facilitamos a creación de estruturas liberadoras do pensamento e, polo tanto, a creación de respostas innovadoras ante os retos aos que nos enfrontamos como colectivo.

Un exemplo moi básico pode ser pensar nunha xuntanza dunha asociación veciñal ou dun colectivo ecoloxista que precisa abordar novas vías de financiamento para manter o colectivo ou desenvolver un novo proxecto. Poderíamos delegar nunha ou dúas persoas responsables ou poderíamos convocar a un maior número de voces para aumentar tamén así a diversidade, a corresponsabilidade e a participación e usar algunha técnica que nos apoie para afondar na creatividade colectiva. Desde as máis básicas, como chuvia de ideas, a metodoloxías máis elaboradas como conversas colectivas nas que se traballa combinando pequenos grupos de diálogo con postas en común e discusión dos resultados.

Hai todo un campo de metodoloxías para este traballo en grupo en torno á creatividade. O que nos interesa destacar neste sentido é a importancia do clima grupal para facilitar que emerxa esa

creatividade. A atmosfera de xogo e celebración ten un peso importante nisto, xa que canto máis libres e cómodas e cómodos nos sintamos máis doado nos ha resultar participar, anular o xuízo e o prexuízo, e sentir que as nosas achegas teñen acollida.

Sobra dicir que para que se materialice, o grupo, como veremos a continuación, ten que se asentar en vínculos relacionais de confianza capaces de soste a xestión das emocións. Mais tamén existen algunhas prácticas e técnicas que poden facilitar que se isto se dea.

Pílula!

A *art of hosting* ou arte da anfitriónaxe é un elemento moi básico mais fundamental para crear un bo clima de traballo, alén de ser un dos alicerces nos que se apoia a creatividade. Canto máis a gusto esteamos, conectadas e conectados coa tarefa e co sentido e potencia de crear colectivamente, máis amplificada se verá a nosa capacidade de imaxinar e crear respostas ante os retos ou tarefas que nos poñamos. A comodidade e beleza do espazo, o coidado da luz, a limpeza, o confort e mesmo a decoración; ter algo de comida e bebida e favorecer a liberdade para nos mover; a acollida das persoas no espazo e contribuír para se sentir coma na casa, á vontade e libres de facer e participar no que se queira e na medida que se queira, son aspectos de valor.

Outro aspecto ao que lle queremos dar cabida respecto deste tema, non sempre tido en conta como cumpriría, é o dereito a non participar e a facelo con liberdade e naturalidade só como e cando queiramos. Cantas veces nos vimos obrigadas e obrigados ou presionadas e presionados a participar en algo ou nalgún momento

que non nos apetecía?, podemos evitar que isto aconteza reivindicando as diferentes vontades.

Outro elemento a engadir poden ser as visualizacións. Convidamos aos membros do grupo a pechar ou entrepechar os ollos, mentres soa unha música ou en silencio, e narramos un horizonte ao que queremos chegar ou unha atmosfera que nos axude a visualizar así como a conectar emocional e intelectualmente coa realidade que queremos crear.

O ambiente distendido, a música, e mesmo danzar ou xogar xuntas, son elementos cohesionadores e que nos preparan para a creatividade tanto a nivel enerxético como anímico.

Por último, canda á arte de anfitriónar, queremos colocar a de recoller, a *art of harvesting*³, ver como gardamos e compartimos co grupo o resultado do traballo individual, dos pequenos grupos para que poidan traballar autonomamente, etc.



3. Sobre a art of hosting, a arte de anfitriónar, e a art of harvesting, a arte da colleita, que fan referencia á importancia de nos sentirmos acollidas/os nos espazos e á importancia de recoller as achegas e creacións que saen dos grupos, existe abundante documentación na web á que podedes recorrer.

4. Coidemos as relacións, celebremos os logros, valorade ás persoas.

Como vimos, tan relevante é velar pola consecución dos obxectivos do grupo e a calidade dos seus procesos, como polo coidado das persoas que o integran. Non esquezamos que os grupos son basicamente conxuntos de persoas, por iso, desde a nosa perspectiva e valores, o seu coidado e o coidado das relacións que os sosteñen deberían ocupar un lugar central.

Creemos fundamental darlle espazo ás persoas, ás súas circunstancias e emocións e ás relacións que establecemos dentro dos grupos, pois son o tecido base que vai termar do conxunto. Que sexan sólidas, sas e satisfactorias é vital para manter a atracción, o desexo de permanecer nel e garantir o mantemento do grupo mesmo.

Pílula!

Introducir o xogo e o coñecemento mutuo como parte dos vosos encontros e reunións pode ser unha excelente oportunidade para vos coñecer mellor, para incorporar persoas novas ao grupo, etc. Non ten que ser nada moi elaborado ou artificioso, unha simple rolda de nomes engadindo algo que nos gusta, algo que nos fai feliz, algo que nos pasou nesa semana ou un soño a cumprir pode ser unha boa maneira de o facer e de incluír a dimensión lúdica, pois as adultas, aínda que nos esqueza, tamén a precisamos, mesmo en contextos formais.

Valorar e recoñecer o que cada persoa achega ao grupo é imprescindible. Somos diferentes unhas das outras e a diversidade é en si mesma un valor. Non todas temos as mesmas capacidades, a mesma experiencia ou incluso a mesma forza para falar ou facer cousas. O feito de pór esta realidade en común para cooperar é unha das grandes potencias dos grupos. O que buscamos con isto é a equidade, é dicir, que as nosas diferenzas non xeren desigualdades e que cadaquén poida participar libremente e na medida que o desexe. Por iso, partimos da máxima de que todas as persoas temos algo que achegar e de que, se non pon en perigo ao resto do grupo, temos dereito a facelo. Para que isto aconteza todas e todos somos corresponsables.

Dar espazo para a distensión: igual que temos reunións para debater e decidir ou obradoiros de traballo, ten todo o sentido incorporar como parte da actividade do grupo o café ou a caña previa, un paseo de domingo ou unha xornada na natureza.

Celebrar os logros ou acontecementos especiais é un gran mecanismo para compartir tempo xuntas e xuntos, pero sobre todo, para recoñecer os esforzos e o valor do propio grupo e manter a motivación, o sentido de seguir adiante.



5. Afrontemos os conflitos

As tensións e o conflito son consubstanciais aos grupos. Desde o noso punto de vista é vital entendelo e asumilo así para podelos naturalizar, acoller e darlles o espazo necesario nos que os transformar en oportunidades de cambio e mellora. Do contrario moitas veces acaban por se traducir en situacións e acontecementos de desgaste, mesmo violentos e traumáticos.

Pode ser que como grupo non teñamos os recursos necesarios para lle dar resposta ás necesidades e retos que a realidade nos coloca, ou téndoos, que haxa diverxencia sobre as estratexias para os satisfacer e superar. Son momentos difíciles porque na nosa cultura non se nos aprende a manexalos de xeito saudable. Polo xeral, non contamos con suficientes recursos tanto emocionais como técnicos para os abordar. Mentres que son «soportables», de baixa intensidade, podemos convivir con eles, mais moitas veces escalan até cotas nas que poñen en perigo a estabilidade e sustentabilidade do grupo e das persoas que o integran.

Desde os grupos podemos usar ferramentas e recursos que axuden tanto a previr os conflitos como a resolvelos cando aparecen.

Pílula!

Procurade non marxinar a incomodidade. Cando algo nos está a molestar, a incomodar ou non estamos de acordo é mellor dicilo que calalo. Sabemos que non é doado, que inflúen moitos factores e que para algunhas persoas, en función do status que teñan nese grupo e nese momento, será máis ou menos custoso expresalo.

Con todo, o primeiro paso é que como grupo, e isto ten que ver coas persoas que o formades, vos fagades conscientes da necesidade de atender á incomodidade como fonte privilexiada de información⁴, de normalizala e acollela e de ter en conta esas posibles dificultades para a verbalizar. No marco de culturas afeitas a lle dar lugar ao conflito esta barreira é con certeza menor.

Unha boa maneira de comezar a introducir a incomodidade é dando espazo para que nos encontros e reunións se poida falar de como estamos, das cousas que nos están a resultar máis difíciles, etc. Podemos iniciar os encontros comentándoo por parellas e logo poñéndoo en común ou directamente nunha rolda de palabra que nos permita verbalizar como chegamos. Ás veces pode non ser acaído facelo, sobre todo se non estaba previsto, mais é ben certo que esta dinámica adoita dar pistas sobre as necesidades das persoas, afonda na cohesión e facilita poder identificalos para xestionalos noutro momento, quizais preparándoo un pouco. De novo, precisamos que o grupo se responsabilice de lle dar o espazo necesario.

Outra maneira de prever tensións e conflitos é, como vimos, dornos de espazos de cohesión e reforzo dos vínculos persoais. Ademais será tamén beneficioso deterse periodicamente para avaliar en profundidade como estamos a funcionar, que precisamos mellorar, incluíndo sempre todas as voces e opinións. Aquí apuntaríamos tamén a necesidade de revisar cada certo tempo a visión e a misión comúns que nos unen como grupo para nos asegurar de que seguen vixentes xa que son o que lle dá sentido compartido ao grupo e ao longo do tempo poden ir mudando. Se non o temos en conta, e non incorporamos tamén as novas visións das persoas

4. Un conflito estanos a falar de cousas que non están a funcionar no grupo, de carencias, de necesidades, etc. Se lle damos espazo e nos preguntamos de onde nace, probablemente cheguemos á orixe do mesmo, onde tamén atoparemos a solución. A partir de aí, habería que buscar os pasos precisos para o resolver e se realmente temos capacidade como grupo ou non para conseguilo.

que o compoñen, vellas e/ou novas, poderá nun momento dado ser tamén fonte de incomodidade.

Se cadra, en certos momentos non nos sentimos capacitados ou capacitadas como grupo para dar resposta a algúns conflitos. Como vimos é comprensible, non temos recursos abondos e, ademais, cando nos vemos no medio dun conflito custa máis xestiónalo. Por iso, ás veces, apoiarnos en aliadas externas, profesionais ou non, pódenos axudar a atopar as respostas ás que por nós mesmas non estamos podendo chegar. Reconciliarse coas debilidades e pedir axuda canto antes probablemente tamén axudará a atopar solucións.

Neste apartado ...

Colocamos 5 aspectos nos que nos parece importante incidir e que poden axudar a mellorar a vida do grupo e achegamos mos algunhas posibilidades para traballalos:

1. Desenvolver a visión común do grupo e revísala periodicamente
2. Coidar os espazos de reunión e de toma de decisións
3. Reservar espazos específicos para a creatividade
4. Coidar as relacións, celebrar os logros, valorar ás persoas.
5. Afrontar os conflitos

5. Arte e Activismo

Prácticas artísticas ao servizo do colectivo




Ademais das ferramentas que pon á nosa disposición a facilitación de grupos quixemos destacar na nosa ollada a potencialidade que ten incorporar prácticas artísticas nos procesos grupais. A arte permítenos xerar outras imaxes, construír outros imaxinarios, abrírnos a outras formas de facer ou de mostrar. Como comunidade de persoas afectadas cómpre experimentar outros xeitos de enunciar, de xogar co estraño. A arte non vai dar respostas, nin tan sequera solucións, mais pode abrir preguntas, tramar fisuras, facilitar desbordamentos e cuestionar o aparente, axudar a deconstruír as hexemonías, visibilizar o oculto ou reverter aquilo que foi subalternizado. E xa non é pouco.

A arte axuda a ver o mundo doutro xeito, abre os marcos da fisicidade, agranda a forma que temos de coñecer o mundo que nos rodea, de entendelo, de cuestionalo axudándonos a pensalo e soñalo en común. O soño abre camiños.

Cando falamos de arte, non o facemos só como algo sublime, da estética pola estética, se non da creación que explora novos camiños, que cruza saberes: os que veñen da academia, os que saen dos movementos sociais ou da cultura popular, etc., e que se poden manifestar desde múltiples soportes, a través dunha materialidade mais tamén a partir do propio proceso de creación.

A arte relacional, entendida como creación que facilita a socialización ou os lugares de encontro, é unha forma de entender a arte que teñen en conta moitos colectivos ou grupos informais. A *performance*, o movemento ou até o propio baile poden ser exemplos desa política dos corpos. Un exemplo interesante atopámolo no marco da investigación Vigo Rebelde, o metal en loita, que coordina Adela Vázquez. O día da inauguración da exposición que a recollía incorporouse un acto performativo coa feitura dunha manifestación baixo o lema «Vigo Rebelde, o metal en loita. Por unha Memoria Común», que camiñou desde o Sereo até o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), onde se aloxaba a devandita exposición. Esta acción, que facía unha chamada moi visual a participar na inauguración da exposición, vindicaba ao mesmo tempo a potencia da manifestación como acto político e tamén estético.



Os cruces entre arte e activismo, como xa dixemos, son prácticas habituais na contemporaneidade e con horizontes moi amplos. Neste texto, tomamos como referencia tres proxectos que pensamos poden servir para dar conta desa realidade e como mostra da capacidade de incorporar a arte nos activismos. A escolla ven determinada por ser exemplos que nos poden servir nas nosas prácticas sociais e grupais e porque teñen un punto híbrido a medio camiño entre a arte e o activismo e nese cruce acreditamos en que hai unha potencia na que cómpre incidir. Dunha banda falaremos de Territorio Doméstico, colectivo que desenvolve a súa actividade en prol da mellora das condicións socio-laborais das empregadas do traballo doméstico. Falaremos tamén de Iconoclastas, un proxecto impulsado por Julia Risler e Pablo Ares en 2006 na Arxentina e que ten contribuído para o impulso de mapeos críticos. E recolleremos a experiencia galega de Montenoso, impulsada por varios colectivos e que traballa en torno aos montes veciñais en man común.

Territorio Doméstico

territoriodomestico.net

Territorio Doméstico é un espazo de encontro, un espazo de relación, coidado e loita de mulleres, na maioría migrantes, cuxa reivindicación inicial é o recoñecemento dos seus dereitos como empregadas do fogar e da valorización dese traballo nun sistema que devalúa os coidados, os invisibiliza e precariza. O seu lema é «porque sen nós non se move o mundo».


Con elas traballamos no 2017 nunha serie de encontros con empregadas do fogar na Coruña. Grazas tamén á colaboración da ONG Ecos do Sur fomos desenvolvendo no último trimestre do ano unha serie de obradoiros nos que atender a cuestións legais e sobre todo tecer espazos de autocoidados. O traballo de Territorio Doméstico fía dun xeito moi fino a incorporación da festa e do baile

nas súas sesións, con encontros potentes de pensamento crítico colectivo sobre a realidade cotiá na que se sitúan as empregadas do fogar. Trátase dun xeito moi interesante en tanto son quen de mesturar a festa coa protesta. Lémbranos as palabras de Emma Goldman, e que para moitas son unha máxima de cabeceira que nos inspira e impulsa, de que se non podemos bailar non é a nosa revolución. Sábeno ben as compañeiras de Territorio Doméstico e por iso incorporan o corpo, o baile, o riso e a partilla como elemento fundamental da súa praxe.



Entre as accións que desenvolven están as pasarelas precarias, actos performativos cos que ocupan a rúa. Partindo da idea da pasarela de moda, con todos os elementos que vos poidades imaxinar, denuncian as condicións laborais das empregadas do fogar, especialmente, a das migrantes. A través das máscara disfrazan unha realidade na que moitas das persoas que transitan pola rúa

se ven identificadas. Co xogo das perrucas e da alfombra vermella enuncian unha realidade soterrada nas paredes das casas que sae, que aparece no medio do espazo público, lembrándonos a nosa responsabilidade como sociedade. Poñéndonos en fronte un espello para identificarnos cos modelos que presentan e que son definidos a través da experiencia das propias participantes nos obradoiros nos que se prepara a acción. Unha potente ferramenta que vos convidamos a explorar nesta ligazón:




Iconoclasistas

iconoclasistas.net

O colectivo Iconoclasistas afirma que «os mapas son representacións ideolóxicas» e que a súa confección é «un dos principais instrumentos que o poder dominante utilizou historicamente para a apropiación utilitaria dos territorios». Por iso propoñen a elaboración doutros mapeos nos que incorporar relatos colectivos que axuden a xerar outras interpretacións da realidade. Como ben din «o mapa non é o territorio» e por iso teñen impulsado obradoiros, exercicios, mesas e intervencións de mapeos colectivos tanto en museos como en barrios e comunidades ou con outros movementos sociais. A súa forma de facer cruza as pedagogías críticas, o activismo e as poéticas da representación.

Entre as accións que teñen realizado están a activación de dispositivos gráficos que axudan á reflexión crítica para co-traballar prácticas de resistencia e transformación. Unha das ferramentas máis interesantes que desenvolveron é o *Manual de Mapeo Colectivo*, que se pode descargar de balde nesta ligazón https://issuu.com/iconoclasistas/docs/manual_de_mapeo_2013. O documento facilita unha serie de recursos cartográficos críticos onde as persoas activistas sistematizan e comparten metodoloxías, recursos e dinámicas co obxectivo de que quen así o desexe poida organizalos de maneira autónoma. Nesta liña de traballo, o colectivo galego Niquelarte ten impulsado tamén na Galiza os mapeos como ferramentas críticas de pensamento colectivo.




Montenoso

montenoso.net

Montenoso é un proxecto colaborativo que visibiliza e dinamiza comunidades de montes veciñais en man común e fomenta a (re) apropiación destes territorios por parte da súa propia comunidade veciñal. O proxecto naceu en 2012 e desde aquela ten impulsado diferentes accións coas que atender a unha realidade tan presente no territorio galego como, en moitos casos, invisibilizada. O traballo procura atender aos comúns como eses fenómenos sociais nos que a cidadanía é quen de se dotar de sistemas de gobernanza para garantir a sustentabilidade dun recurso, por iso facilitan ese cruce entre a terra e o dixital. Coa creación dunha wiki como enciclopedia aberta e colaborativa sobre os montes veciñais procuraron favorecer un espazo de coñecemento aberto sobre os principais termos arredor destes lugares.

Co seu traballo buscan facilitar espazos de enunciación nos que as propias persoas protagonistas destas realidades sexan as que sinalen as súas problemáticas, os seus sonhos, os seus desexos ou fracasos, onde ler os seus propios procesos sen que isto teña que estar mediatizado por xornalistas ou artistas. O Xogo do Mancomún foi outra ferramenta coa que pensar como a través do xogo podemos achegarnos a estas realidades. A revista do Proxecto Derriba publicou un artigo chamado *Relato(s) situado(s) a través das xeografías do mancomún*, no que se dá conta do seu traballo:



Neste apartado ...


Falamos das posibilidades e da potencia da mestura entre arte e activismo social.

Tomamos como referencia tres experiencias de procedencias diversas:

O colectivo Territorio Doméstico que actúa polos dereitos das traballadoras do fogar; Iconoclasistas, proxecto que impulsa o desenvolvemento de mapeos críticos; Montenoso, o que varios colectivos traballan en torno aos montes veciñais en man común.

6. Prácticas desde o Sur

Aprendendo doutras experiencias




Parte indispensable do proceso de imaxinación política é desenvolver a capacidade autocrítica que permite distanciarnos das lóxicas nas que a cidadanía esta inmersa, mirarnos desde outras perspectivas e cuestionar os nosos modos e dinámicas, así como aprender das *experiencias outras*, adquirir novas miradas.

Boaventura de Sousa Santos fala do «esgotamento político, epistemolóxico e social dentro do Norte global» que desemboca nos discursos neoliberais da ausencia de alternativas sistémicas. Contra iso cabería preguntármonos, segundo o sociólogo portugués, se o Norte non estará baleiro xa de ideas –tras cinco séculos tentando adoutrinar ao mundo– e non será hora de comezar a aprender da gran diversidade de experiencias que conforman o Sur global. O sur entendido en termos culturais e de relacións de poder máis que xeográficos, conformado por unha constelación de experiencias, saberes e prácticas historicamente silenciadas pero emerxentes, pode achegar visións alternativas non só na saída do entullo civilizatorio no que nos atopamos, senón para artellar proxectos do día a día, para organizar os nosos colectivos e asociacións, etc. Se algo souberon facer os pobos orixinais de Abya Yala⁵ foi coidar

5. Abya Yala é o nome co que os indíxenas se refiren ao continente, evitando o termo colonial de América

da súa construción comunitaria, o que lles permitiu conservar as tradicións e subsistir nun contexto moi hostil.

En Chiapas, o movemento zapatista, que é en si mesmo un extraordinario proceso de imaxinación política, asenta os pés firmemente na tradición comunitaria dos pobos maias, mentres produce institucionalidade e prácticas democráticas vangardistas, sempre co coidado das persoas e do colectivo no centro das prácticas organizativas. As e os zapatistas entenden a institución coma un proceso de aprendizaxe en si mesmo, de empoderamento comunitario, de experimentación e adaptación, na que ningunha solución é inmutable, polo que o sistema no seu conxunto está en constante revisión para adaptar as estruturas e os procesos ás necesidades e vontades populares, e non ao revés. Así, o método de ensaio-erro, a continua innovación, é o que define á institucionalidade zapatista, sempre en proceso, aberta ao cambio e oposta a calquera tipo de cristalización ou clausura.



Cada caracol, cada municipio autónomo rebelde e cada comunidade⁶, desenvolven solucións diferentes, ferramentas múltiples e procesos propios baseándose nos costumes locais e na capacidade creativa do colectivo e impleméntanse nos distintos espazos, que de ter éxito, con moita probabilidade son probadas e adaptadas noutros contextos xeográficos zapatistas. De tal modo, a autonomía, sendo un principio político de primeira orde para elas e eles, non se comprende como un dogma, non se entende como isolacionismo. As distintas comunidades están mirando continuamente unhas cara as outras, comparten información e intercambian coñecementos, colaboran e aprenden mutuamente dos seus éxitos e fracasos. Así ao ensaio-erro súmase a observación e a capacidade de adaptación das solucións implementadas por outras comunidades irmás, como vectores do progreso e innovación comunitaria zapatista.

Esta efervescencia creativa, onde todo está continuamente sometido ao escrutinio comunitario e ao ensaio imaxinativo –que fai del un laboratorio de innovación democrática descentralizado e horizontal, múltiple e imaxinativo, no que se mestura a tradición asamblearia comunitaria (a tradición do *A'tel jtuunel*) e a innovación social, a invención creativa e as prácticas de *cut&paste*– reflíctese tamén nas prácticas artísticas, na relación que as e os zapatistas manteñen coa arte. Os murais que cobren fachadas de escolas, cooperativas e auditorios dos caracois, cumprindo un papel importante na comunicación política, na reivindicación de demandas indíxenas e na construción dunha iconografía e unha mitoloxía propias, son comprendidos como *cousa viva*. Lonxe do estatismo e da concepción patrimonialista da arte á que estamos afeitas e afeitos,

6. A estrutura política para-estatal zapatista está formada por tres niveis: 1) as comunidades locais, gobernadas por asembleas nas que participan todos os cidadáns e cidadás 2) Municipios Autónomos Rebeldes Zapatistas (MAREZ), gobernados por unha serie de representantes elixidas por cada asemblea comunitaria, 3) Caracois, que son as unidades administrativas que gobernan cada unha das cinco zonas autónomas nas que se divide o territorio zapatista. As súas e os seus representantes son elixidos de entre cada un dos MAREZ.

as e os artistas zapatistas traballan continuamente sobre os mesmos murais, borrando ou eliminando partes, engadindo outras e transformando figuras e mensaxes, integrando novos símbolos...; actualizando así as demandas e as novas realidades políticas, os conflitos co estado e o exército mexicanos ou as novas alianzas con outros pobos e loitas no mundo. O mural, a arte en xeral, é entendida como proceso e como ferramenta ao servizo das necesidades e causas comunitarias, tanto políticas e reivindicativas de cara a fóra, como celebratorias da propia comunidade, dos seus logros e a súa fraternidade.



Mural en Morelia / Imaxe: Daniel Palleiro

O zapatismo enfatiza o colectivo fronte ao individual, poñendo no centro do seu proxecto político (que é un proxecto de vida) á comunidade e ás persoas que a integran. No entanto, coma en calquera grupo humano, a vontade colectiva e os intereses das persoas non sempre coinciden. Para cumprir co principio de coidado grupal e respecto pola liberdade e participación de todas as persoas, as e os zapatistas desenvolven continuamente prácticas e ferramentas para acadar consensos. Esta forma de abordar os procesos de

toma de decisión baséase na cooperación e non na competición, articulando as resolucións «non desde unha imposición cuantitativa da maioría, senón desde a xeración cualitativa do consenso» (Aguirre Rojas). Cando, en torno a un debate, as posicións das persoas que integran a asemblea son discrepantes, a busca do consenso leva a postergar a resolución sobre o asunto en disputa. Ábrese entón un proceso baseado no diálogo e na reflexión, en convencer e non en vencer. O importante é non rachar o grupo, que as compañeiras e compañeiros entendan as posicións das outras persoas e que finalmente se chegue a un acordo e a unha solución de compromiso entre as partes. En moitas ocasións a resolución das disputas queda en suspenso, para ser retomada nun momento posterior, pois cando as ideas se deixan madurar e os debates se estenden no tempo, e non se apresura a toma de decisións, os resultados adoitan ser moi positivos. Neste contexto as minorías son especialmente coidadas e respectadas, e as súas propostas son tomadas en consideración, entre outros motivos porque en caso de que se poña en práctica a decisión da maioría e esta non chegue a bo porto, con toda seguridade probarase coa posición defendida pola minoría.

A xestión dos tempos é fundamental nunha construción comunitaria de calidade. Os tempos zapatistas son *moi outros* en comparación cos tempos occidentais urbanos. Para elas e eles as prásas e as urxencias non poden ser nunca un condicionante á hora de construír a autonomía, así nunca se deixan «arroiar» por tempos que non son os seus. Pola contra, marcan e dominan a temporalidade na construción das súas institucións e procesos. Se prevén un avance, por pequeno que sexa, que requira unha década para ser levado a cabo, adicarán unha década no seu desenvolvemento, o inmediato fica relegado ao absolutamente imprescindible. Esta construción lenta permite fomentar procesos de calidade na transmisión da información e no acceso a ela, posibilita a participación de todas as persoas, e constrúe procesos radicalmente democráticos que conducen a acadar os consensos desexados. O cara-

col, institución máxima da democracia zapatista, simboliza estes tempos pausados necesarios para a consecución dos obxectivos políticos e a construción da autonomía.




Mural en Ovetic / Imaxe: Daniel Palleiro

Con esta busca constante de entendemento, eludindo a imposición das maiorías sobre as minorías, promovendo o debate fraterno, directo e libre, que intenta achegar as posicións discrepantes, é como as e os zapatistas constrúen o consenso. Aínda que, claro está, estas prácticas non sempre acadan o acordo. Ás veces, a pesar de todos os esforzos por evitalo, o conflito aflora, como parte que é da vida social de todo colectivo humano. Cando isto ocorre, cando a tensión entre persoas ou grupos aparece, a resolución condúcese por medio de procesos de mediación. Este papel mediador entre as partes en conflito é levado a cabo pola asemblea comunitaria, que crea unha comisión mediadora que se encarga de plasmar satisfactoriamente o acordo entre as partes, para o cal inician un proceso de diálogo e proposta de solucións, pero nunca de imposición das mesmas.

En suma, o espírito zapatista do «camiñamos lento, porque imos lonxe» semella fundamental para calquera colectivo que queira construír procesos de calidade e que poña o coidado das persoas e a cohesión do grupo no centro das súas prácticas. Unha condición de posibilidade para imaxinar horizontes é ser quen de liberarse non só dos marcos do establecido, senón tamén da imposición dos tempos alleos ás necesidades e aos obxectivos do grupo. Ima-xinar xuntos e xuntas e materializar os soños require paciencia, comprensión mutua, traballar os consensos gardando os equilibrios entre as decisións das maiorías e o coidado das minorías, e afrontar os conflitos cando se dean. Neste sentido, o seguinte es- quema, baseado nas prácticas zapatistas de construción do con- senso e mediación nos conflitos, pode servir de orientación para a resolución das tensións inherentes a calquera grupo cando estas se dean:

Tensión Maiorías/Minorías → **Disenso**



Diálogo e Propostas ≠ Imposición

Neste apartado ...

Tomamos o exemplo zapatista coa vontade de aprender das experiencias outras e de incorporar olladas diversas.

Achegámonos aos seus procesos de institucionalización froito da creatividade e innovación social e apoiados no coidado dos procesos colectivos e da arte como ferramenta ao servizo da comunidade.

7. A modo de Peche ou Conclusións



Con este manual queriamos reivindicar o poder do pequeno. Somos conscientes de que non podemos cambiar o mundo no que vivimos do xeito e nos tempos que nos gustaría, que habitamos na impotencia de sabernos enfrontándonos a xigantes. Mais, aínda así, acreditamos en que, fronte a idea do épico e na que tan cómodo se sinte o pensamento dominante, temos unha responsabilidade como cidadanía de mudar os nosos pequenos mundos, de facelos mais vivibles. Por iso a idea de elaborar e difundir este texto, porque pensamos que tamén con el podemos contribuír a seguir abrindo unha fisura, como esa planta pequena que emerxe no medio do asfalto, desgarrándoo.

Como non temos receitas nin solucións máxicas, fícanos o facer e o seguir en ruta compartindo experiencias como parte deste camiño longo. Para non esquecer que si, que a pesar de todo temos marxe e podemos contribuír a crear novas realidades coa vida no centro.

E aquí aparece outra das ideas que impulsa o manual que tes nas mans: a preocupación, como comunidade de aprendizaxe do Gabinete de Imaxinación Política, pola devolución e do retorno social deste tipo de procesos. Como colocamos cando falamos de coidar as reunións antes, durante e despois, coidar o colectivo significa para nós, neste caso, devolver tamén algúns dos resultados do traballo que desenvolvemos durante o segundo semestre do 2017. Nese tempo tecemos un proceso de co-participación con comu-

nidades de afectadas e afectados e este texto quería ser, dalgún xeito, unha achega para reflexionar ou pór luz sobre algunhas das inquiredanzas que foron emerxendo. Tamén como oportunidade de seguir a amplificar o debate que tivemos coas comunidades coas que traballamos e chegar a outros axentes. Queremos seguir a contribuír, como persoas e colectivos e do xeito que poidamos, para a reivindicación da nosa capacidade de soñar.

Esta foi a idea, o soño inicial do proxecto e agardamos que este manual poida servir para seguir a vindicar esa potente e marabillosa capacidade que temos e tantas veces, no medio das inmensidade e das dificultades, esquecemos activar.

**Coa forza do Atlántico,
continuemos a soñar!**

Gabinete de Imaxinación Política

A Coruña,
decembro de 2017



*Gabinete de
Imaginación
Política*